

MEMORIA FIN DE CURSO 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

1.- ESPAZO

Estivemos principalmente na aula amarela que é bastante luminosa e espaciosa e temos a sorte de ter o baño dentro. Aparte da zona de asamblea e da de mesas de traballo, na aula temos 6 recunchos de xogo: simbólico, construcións, xogos de mesa, plástica, biblioteca e matemáticas.

Ademais fixemos uso da biblioteca do centro, do ximnasio e da aula STEAM e para os momentos de recreo usamos o patio de infantil, aínda que nos momentos de chuvia usamos o corredor de infantil.

Psicomotricidade: O espazo das clases de psicomotricidade foi o ximnasio do centro. É un espazo diáfano e amplo o que permite grandes desprazamentos, incluso en grupos numerosos. O equipamento é variado: colchóns, picas, conos, zancos, etc. E foi reforzado durante o curso coa compra de balóns. Isto permitiu programar distintos exercicios que implicasen diferentes movementos.

2.- ACTIVIDADES

O alumnado deste curso participou activamente en todas as actividades propostas dende os equipos de normalización, biblioteca e actividades extraescolares e complementarias. Valoramos moi positivamente a realización de todas estas actividades que complementan o desenvolvemento do currículo, así como o dos temas transversais. Como todos os anos, realizamos material de elaboración propia. Podemos destacar tamén, os traballos de investigación realizados para as xornadas

dos expertos (Pico pensa a e crea lindo), que unha vez recompilada a información e organizada, expónse aos compañeir@s en pequenas conferencias de expertos.

Na aula virtual ofreceuse ao alumnado numerosas actividades de repaso de rutinas, lectoescritura ,lórico-matemática e relacionadas coa temática anual "Os Instrumentos de Escritura".

Proxectos de aula

1. Cociñamos

Fixemos un proxecto de cociña no primeiro trimestre. Cociñamos nos cole e tamén na casa coas nosas familias, e tamén comimos o que cociñamos.

2. Princesas e cabaleiros

No segundo trimestre estivemos investigando sobre as princesas e os cabaleiros, fixemos moitas cousas: accesorios, bailes, etc...

3. Os deportes

No terceiro trimestre estivemos aprendendo os diferentes deportes e tentamos practicalos.

4. Día da familia

Fixemos unha postal con forma de casiña na que debuxamos a nosa familia.

Actividades de Infantil

1. Museo Liste

Visitamos o Museo Liste para asistir a un obradoiro de Samaín. Fixemos tamén uns adornos de Samaín e buscamos unhas froitas no túnel do terror.

Museo Liste

2. Autor "A araña que lle tiña medo as arañas"

Visitounos o autor deste conto para explicarnos como crea os contos e inventamos un conto entre todos. Na clase fixemos unhas caretas dos personaxes que saían no conto.

3. Saída ao Teatro

Asistimos a obra de teatro organizada "Feo" por Afundación.

4. Saídas ao entorno próximo:

- á Avenida de Castelao onde observando os cambios nas árbores e na paisaxe en outono
- visita a unha froitería e o mercado de Bouzas
- saída á praia de Bouzas para xogar coa area

- excursión de Fín de curso de E.I á Granxa "O Hórreo" en Gondomar.

Psicomotricidade: As actividades desenvolvidas foron: circuítos e xogos. Nos circuítos buscouse que o alumnado realizase diferentes movementos (saltar, reptar, correr, exercicios de equilibrio, etc) para comprobar como se desenvolven no espazo, a súa forza, axilidade, etc. E, ao mesmo tempo, que traballen esas dimensións acorde as capacidades da súa idade. Os xogos tiveron a finalidade de acercar ao alumnado á actividade física de forma lúdica para que a relacione con aspectos positivos, iniciais nos xogos cooperativos (na medida das súas posibilidades) e no coñecemento dos xogos con normas (na medida das súas posibilidades).

3.- RECURSOS

Utilizamos os materiais que temos na aula: Panel Dixital, xogos diversos dos recunchos e materiais funxibles e non funxibles, naturais e de elaboración propia e aportados polas familias como persoais (mestra de apoio, PT, AL, Orientadora, participación das familias)

Fixemos diferentes materiais tanto de lectoescritura como de lóxico-matemática: carteis, xogos de asociación, tarxetas con nomes e números, etc...

Para os proxectos:

- elaboramos recetas tanto na casa como na escola

- fixemos accesorios, mariquitas , e un photocall para as princesas e cabaleiros e tamén para os deportes.

Utilizamos tamén os diferentes recursos do ximnasio, biblioteca e Aula STEM.

Psicomotricidade : Os recursos de elaboración propia foi o deseño dos circuítos.

4.- CURRÍCULO

Como todos os anos, fíxose unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia curricular do alumnado entre outros. Unha vez que obtivemos os resultados, procedeuse a adaptar a programación.

A avaliación neste curso foi un proceso continuo, valorándose o traballo diario coa observación e corrección das tarefas e a participación nas actividades de aula. Penso pois que a avaliación é satisfactoria.

Na aula traballamos por proxectos e tamén usamos os recunchos de xogo. Dentro dos proxectos fixemos tamén algún obradoiro relacionado cos mesmos.

Psicomotricidade:

Contribuíuse, principalmente, aos seguintes obxectivos de etapa:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

A área que se traballou de forma principal foi a de "Crecemento en harmonía".

A metodoloxía utilizada foi lúdica co fin de que o alumnado se acercase ás actividades físicas de forma positiva e atopase gusto na realización de movementos, para dar pé a adquisición de hábitos saudables.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Os nenos/as foron moi participativos, sempre moi dispostos e motivados ante as diferentes propostas. Houbo un ambiente moi bo dentro da aula e comportáronse cada vez de forma máis autónoma, colaborando e axudándose entre eles.

Psicomotricidade: O alumnado participou de forma activa e desfrutou das actividades.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Coma todos os anos, ao comenzo de curso, fíxose unha reunión con todas as familias.

Posteriormente ao longo de cada trimestre, mantivéronse reunións puntuais coas familias que o solicitaron, ou cando foi necesario por diferentes motivos. A resposta das familias foi sempre moi positiva, algunhas colaborando sempre que foi preciso e participando activamente nas propostas do centro outras non tanto.

Tamén ao final de cada trimestre asistiron a recoller os boletíns e traballos dos nenos e mantivemos unha curta titoría con eles.

Psicomotricidade:

A participación das familias non foi necesaria, mais alá de que trouxeran a roupa axeitada para a actividade física. En casos específicos, as familias levaron aos seus fillos/as a estimulación motriz o que repercutiu moi positivamente na aprendizaxe do alumnado.

7.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Realizáronse varias reunións de ciclo para poñer en común actividades, criterios e normas. Tamén coordinámonos programando nas diferentes comisións e participando nas actividades complementarias conxuntas. As reunións foron moi enriquecedoras.

Psicomotricidade:

A coordinación e o intercambio de información coas titoras foi constante.

8.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados en xeral foron moi bos. Todos os nenos/as conqueriron os mínimos.

Psicomotricidade:

Os resultados acadados foron positivos, observando melloras e cambios positivos no alumnado ao final do curso en comparación co inicio.

9.-DIFICULTADES ATOPADAS

Neste curso 22-23 o número de alumnos matriculados no 5º curso foi de 12. Dous incorporáronse máis tarde, un en outubro e outra en xaneiro.

- ALUMNADO CON NEAE

Na aula hai unha alumna precisou da intervención do equipo de orientación xa quen entrou o pasado curso como NEAE por retraso psicomotor e dificultades na linguaxe. Recibiu atención individualizada por parte do especialista de AL, xunto con outros tres nenos e tamén participou no PELO. Recibiu atención tamén por parte dunha coidadora pois aínda non controla ben esfínteres.

- ALUMNADO CON DEFICIENCIAS ARTICULATORIAS DA LINGUAXE

Realizouse unha sesión semanal de PELO, realizado durante todo o curso 20 minutos á semana, pois ademais da nena con NEAE hai varios nenos que non falan correctamente e non se lles entende ben.

- ALUMNADO CON TRASTORNOS DE CONDUCTA

Non hai ningún.

Psicomotricidade:

Durante o curso foi necesaria unha compra de material (balóns) que se realizou o que permitiu o desenvolvemento correcto das actividades.

10.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Respecto aos espazos exteriores, sería convinte contar con máis zonas de sombra ou un espazo cuberto amplo para poder facer os patios os días de choiva ou de moito sol, e a dotación de novos espazos como un areeiro.

Tamén, para poder levar a cabo unha metodoloxía activa gustaríanos poder contar con diñeiro de aula poder mercar material específico para este tipo de actividades que non podemos pedir no listado de material. Ademais gustaríanos poder contar cun espazo para infantil para poder facer obradoiros conxuntos, instalacións, desdobres, etc

Tamén propoñemos para o vindeiro curso manter a sesión semanal de PELO

Psicomotricidade:

Seguir utilizando o espazo do ximnasio, xa que o alumnado desfruta del e así xa o coñece para os vindeiros cursos de Educación Primaria.